



A complexidade dos expedientes académicos fai necesario que se adopte un criterio homoxéneo para as valoracións dos expedientes académicos e o cálculo da nota media. Con data do 21 de febreiro de 2005 asinouse un protocolo de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración dos expedientes académicos, que foi publicado no Diario Oficial de Galicia do 23 de marzo de 2005 e ratificado no Consello de Goberno na súa sesión do 30 de marzo de 2005.

O sometemento ó convenio asinado fai preciso axustar ás normas propias ó acordado para todo o sistema universitario galego. En concreto faise preciso adaptar a Resolución Reitoral do 22 de xullo de 2004 pola que se regulaba o Recoñecemento dos Complementos de Formación e a súa imputación nos expedientes dos alumnos ó artigo 4.3.3) do Protocolo de Colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo e que establece: "*Os complementos de formación computaranse do mesmo xeito ca as restantes materias*".

Polo exposto, esta Reitoría **RESOLVE:**

Primeiro.- Deixar sen efecto a Resolución Reitoral do 22 de xullo de 2004 sobre Recoñecemento de Complementos de Formación.

Segundo.- Para o recoñecemento dos Complementos de Formación superados seguirase o procedemento de validación. Así mesmo, as materias de Complementos de Formación validadas figurarán nos expedientes como *Validadas*, coa cualificación correspondente.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2005
O REITOR



Senén Barro Ameneiro

SR. SECRETARIO XERAL – SR. VICERREITOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO – SR. VICEXERENTE DO CAMPUS DE LUGO – SRES/AS DECANOS/DECANAS E DIRECTORES/AS DE CENTROS – SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA – SR. XEFE DO SERVIZO DA ASESORÍA XURÍDICA – SR. XEFE DOS SERVIZOS INFORMÁTICOS – SR./A. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA – SRES-SRAS XEFES/AS DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA – SR/A XESTOR ACADÉMICO DE CENTRO – OFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓNS.